EXERCICIO DE APOIO

1. En lingüística, todo conxunto de signos constitúe un texto?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 1.2 dos documentos descargables.

2. É a deixe un procedemento de cohesión?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 1.5 dos documentos descargables.

3. Debe un texto coherente ter en conta os coñecementos do destinatario?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 1.6 dos documentos descargables.

4. Poden as propiedades dos textos manifestarse por medio de procedementos lingüísticos?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 2 dos documentos descargables.

5. Na progresión de tema lineal unha idea introduce un tema novo que aparece repetido na seguinte de xeito encadeado?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 3 dos documentos descargables.

6. As linguas manifféstanse sempre uniformes?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 4 dos documentos descargables.

7. Son os bloques dialectais do galego estes catro: noroccidental, suroccidental, central e oriental?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 5 dos documentos descargables.

8. Son o seseo e a gheada trazos dialectais?
En caso de resposta afirmativa, explica por que.
En caso de resposta negativa, consulta o apartado 5 dos documentos descargables.

Solucións:

1. En lingüística, todo conxunto de signos constitúe un texto?
Non, pois debe posuír as características ou propiedades dos textos: cohesión, coherencia…

2. É a deixe un procedemento de cohesión?
Si, porque a deixe (pronomes e adverbios) é un proceso cuxo significado hai que buscar nos elementos presentes na mesma frase ou oración ou en frases anteriores ou posteriores.

3. Debe un texto coherente ter en conta os coñecementos do destinatario?
Si, porque, de non ser así, poderiamos informar de cousas redundantes que non engaden nada novo ao receptor ou de cousas tan específicas (técnicas, científicas) que o receptor non comprende.

4. Poden as propiedades dos textos manifestarse por medio de procedementos lingüísticos?
Non só poden, senón que, ademais, os procedementos habituais para manifestárense esas propiedades son lingüísticos (gramaticais e léxicos). O uso das conxuncións para matizar as conexións e relacións entre os elementos do discurso é o procedemento habitual.

5. Na progresión de tema lineal unha idea introduce un tema novo que aparece repetido na seguinte de xeito encadeado?
Si, pois ao introducir un novo tema enlaza co tema anterior, que repite, en forma de cadea.

6. As linguas manifféstanse sempre uniformes?
Non, porque as linguas se manifestan en actos de fala, e estes son individuais e diversos. Esta diversidade débese entre outras causas a razóns xeográficas, que son as que nos permiten falar de dialectos.

7. Son os bloques dialectais do galego estes catro: noroccidental, suroccidental, central e oriental?
Non. Aínda que algún gramático estableceu, nun principio, esa división, desde os estudos dialectolóxicos de Fernández Rei vense admitindo comunmente que os denominados bloques noroccidental e suroccidental son áreas dun mesmo bloque: o occidental. Así pois, hoxe considérase que os bloques son tres: occidental, centra, oriental.

8. Son o seseo e a gheada trazos dialectais?

Si, pois considérase que esas realidades de fala, por moi espalladas que estean, non forman parte do galego formal e normativo.